

## VIAXE AO PAIS DESCUBRIDOR DAS INDIAS

Eran as 7 da mañá do día 12 de Outubro, cando un grupo de 59 persoas, socios/as e amigos/as do grupo de sendeirismo “ A Pasada das Cabras”, emprendían viaxe con rumbo a O Porto. Utilizando termos mariños, ó mando da nave ía o capitán CANCELEIRO e como responsables da tripulación, en canto a comunicación, loxística e seguridade, ían os oficiais JOSÉ ANTONIO e AMANDO, respectivamente.

A travesía comezaba con toda normalidade, pero pasadas unhas millas, apareceron as primeiras dificultades para a navegación. Neste caso non foron as fortes ondas e a néboa do cabo de Buena Esperanza, senón unha galerna con rachas de vento no alto do Fiouco que superaban os 90 km/hora e que zarandeaba a nave coma un simple catavento, a pesar da importante carga de pasaxeiros e equipaxes. Pasada a primeira dificultade, volveu a calma e navegamos sen contratempos ata a área de servizo de Guitiriz, onde atracamos durante media hora para saciar os estómagos y recoller novos viaxeiros. Continuamos a travesía surcando a estrada a unha velocidade de cruceiro de 55 millas/hora , e tras unha hora navegando con normalidade, aproximadamente a altura de Padrón, de novo apareceu una a pequena marexada en forma de chuvia fina que non impediu que a viaxe continuase con total normalidade ata a área de Barcelos, onde fixemos outra pequena parada. A partir de aquí, a nota predominante era a calma, con subida de temperatura e un sol radiante. Sobre as 12 da mañá (hora portuguesa) atracamos no Porto cun tempo marabilloso que perdurou durante toda a estancia no país veciño.

Deixando o símil da navegación, en xa con un pouco de seriedade, en Porto dispuxemos de 6 horas para visitar a cidade. Divididos en pequenos grupos puidemos disfrutar das fermosas rúas do casco histórico, o cal, creo superou as expectativas de tódolos visitantes. O centro da cidade gozaba dun increíble ambiente cultural e turístico, coas súas características fachadas azulexadas e fermosos monumentos como a Torre dos Clérigos, a Catedral, a Estación de Sao Bento, ou lugares como a Praza da Liberdade ou a comercial Rúa de Santa Catarina. Cidade abaixo e tras atravesar a concorrida Rúa das Flores, atopámonos coa Praza do famoso Palacio da Bolsa e o adxacente Mercado Ferreira Borges, para posteriormente chegar ó punto neurálxico do turismo en Porto, a Ribeira.

A Ribeira é un espectacular lugar onde os amarres do peirao se mesturan con terrazas e restaurantes cheos de turistas, onde poder comer e disfrutar da beleza do Río Douro, a emblemática Ponte Luis I (Deseñada polo mítico Gustave Eiffel) ou as vistas de Gaia e as súas adegas de viño doce.

Despois desta estancia tan agradable, tomamos o bus para desprazarnos ata o municipio de SAO JOAO DA MADEIRA, onde se atopaba o hotel “GOLDEN TULIP” onde pasaríamos a noite. Previamente, e para ir quentando motores para o día seguinte,

fixemos unha camiñata duns 3 km, ida e volta, para ir a cear, e posteriormente retirarnos ó hotel a descansar e repoñer forzas.

Como curiosidade, este municipio que pertence ó distrito de Aveiro, ten moitas similitudes con Burela: a mesma superficie, foi segregado do municipio de Oliveira de Azeméis no ano 1926, e tivo un crecemento exponencial nos últimos 40 anos.

Ó seguinte día, despois do almorzo no hotel, sobre as 10 da mañá retomamos a marcha ata o concello de AROUCA, pertencente o distrito de Aveiro. Alí transcorre o río PAIVA (afluente do Douro), en cuxa marxe esquerda se atopan mais de 9 km de pasarelas de madeira que intercalan tramos planos con tramos de escaleiras para superar as diferenzas de nivel, que en algúns casos é case vertical. Segundo algún viaxeiro do grupo, o número de escaleiras é de 1325 entre subidas e baixadas, un esforzo que sen dúbida merece a pena facer.

Que marabilla de paraíso natural! Adaptado polo home para poder desfrutar da súa paisaxe, as ribeiras do Paiva son ricas pola súa diversidade: flora autóctona, con carballos, amieiros, freixos... e fauna, con variedade de reptís, aves e mamíferos. Estas espectaculares pasarelas permiten aos sendeiristas camiñar sen risco, respectando ó mesmo tempo a beleza natural do entorno.

Rematada esta camiñata, cansos pero satisfeitos por ter feito esta excitante ruta, dirixímonos de novo en bus ata a capital do dito concello para recuperar forzas con un delicioso menú no restaurante "ASAMBLEA". Xa coas barrigas cheas, fixemos a foto de grupo de rigor e, de seguido, emprendimos a viaxe de volta durante 5 ½ horas, para por fin chegar a Burela a 1 da mañá.

JOSÉ RAMÓN TAPIA RÚA